HOXE LÍN UN LIBRO
DE FOLLAS DE TERRA
UN LIBRO CON FOLLAS DE TERRA
E CAPÍTULOS DE PEDRA

HOXE LÍN LETRAS DE FOLLAS
ESCRITAS CON LETRAS NOS CAMIÑOS
ESCRITAS CON TINTA DE AUGAS DO MUIÑO

HOXE IMAXINEI HISTORIAS DE ALADOS CABALLOS
VOANDO NO CEO DE PAXAROS VAGOS

HOXE ESCOITEI SONS SOÑADOS
DE CANS, DO CUCO E INSECTOS DOS PRADOS
E CO MEU ANDAR O BRUAR DOS CARBALLOS

HOXE LÍN UN LIBRO QUE NON AGARDABA
POESÍA NÚA COMO HERBA MOLLADA

HOXE LÍN UN LIBRO
COAS PÁXINAS BRANCAS...

ANTÓN DE GUIZÁN
NO 23 DE ABRIL
DÍA INTERNACIONAL
DO LIBRO 2017